

# **JUECES** *para la* **DEMOCRACIA**

## **Estatutos de "Xuíces para a Democracia".**

Asociación inscrita no Consello Xeral do Poder Xudicial conforme o art. 401 da Lei orgánica 6/1985 do 1 de xullo - baixo o núm. 5.

Domicilio na rúa Nuñez Morgado, 3 - 4º B - 28036 Madrid – España Teléfono +34.1.314.19.64 - Fax +34.1.314.27.52

### **TÍTULO I. Denominación e fins.**

#### **Artigo 1º**

No exercicio do dereito recoñecido no artigo 127 da Constitución, Xuíces para a Democracia" constitúese en asociación profesional de xuíces e Maxistrados cos fins e coa organización que se establecen nos presentes estatutos.

#### **Artigo 2º**

##### **Son fins da asociación, os seguintes:**

A) Contribuír decididamente á promoción das condicións que fagan efectivos os valores de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político que a Constitución proclama para reforzar o estado social e democrático de dereito e a defensa dos dereitos humanos universalmente coñecidos.

B) Promover a satisfacción do dereito fundamental á xustiza que garanta a todos o dereito de protección xurídica e o acceso aos tribunais de xustiza en condicións de igualdade.

C) Impulsar a revalorización da independencia, a imparcialidade e a responsabilidade do xuíz como referentes constitucionais da administración de xustiza.

D) Procurar a expansión da lexitimación democrática do xuíz pola súa acción xurisdiccional de salvagarda das liberdades e os dereitos fundamentais e de tutela dos dereitos e intereses lexítimos.

E) Favorecer o control democrático do poder xudicial pola opinión pública e polos órganos de goberno da maxistratura, asegurar o principio de transparencia nas actuacións e prácticas procesuais e facilitar o coñecemento das resolucións xurisdicionais.

F) Realizar estudos e actividades dirixidas á mellora do servizo e da administración de xustiza, en xeral. Elaborar propostas de reformas orgánicas e procesuais tendentes a acadar unha administración de xustiza máis próxima ao cidadán, máis comprensible, máis rápida, máis eficiente, con maior participación popular, menos xerarquizada, máis independente e, en definitiva, máis democrática.

G) Impulsar a xustiza de proximidade, enraizada na xustiza de paz e na xustiza consuetudinaria, como xustiza da convivencia civil.

H) Asegurar a composición representativa e plural do Consello Xeral do Poder Xudicial e de todos os órganos de goberno do poder xudicial, e reivindicar o exercicio autónomo do poder executivo das súas funcións constitucionais e a súa suxeición ao control parlamentario.

I) Destacar a función da Escola Xudicial como instrumento de formación inicial e permanente do xuíz e da súa inserción na sociedade como servidor público e custodio dos dereitos e liberdades.

L) A defensa dos intereses profesionais dos seus asociados, a promoción de actividades formativas e a reivindicación de mellores condicións de traballo no exercicio da función xurisdiccional.

M) Impulsar as relacións con outras asociacións democráticas de xuíces e de xuristas no ámbito nacional e internacional e fomentar a participación da asociación naqueles foros sociais que promovan valores constitucionais de progreso, e especialmente cando teñan por obxecto a defensa de grupos de persoas socialmente desfavorecidas.

N) Incentivar a participación efectiva e plural dos asociados nos órganos da asociación.

Ñ) Editar publicacións periódicas.

## **TÍTULO II. Asociados.**

### **Artigo 3º**

A asociación "Xuíces para a Democracia" ten ámbito nacional sen prexuízo do que se dirá respecto da formación de seccións territoriais.

### **Artigo 4º**

Poderán afiliarse os xuíces e maxistrados que se atopen en servizo activo. Os interesados solicitarán a súa inscrición na sección territorial respectiva, que rexeitará ou admitirá a solicitude en función dunha resolución motivada. Contra a súa resolución caberá recurso ante o Comité

Permanente.

### **Artigo 5º**

Son dereitos dos afiliados:

- a) Participar con voz e voto nas asembleas.
  
- b) Elixir e ser elixido para os cargos directivos. O voto será persoal e indelegable.
  
- c) Informar e ser informado de todo o relacionado co funcionamento da asociación. Todas as sesións dos órganos da asociación serán documentadas. Tamén poderán promover e agruparse en correntes organizadas de opinión.
  
- d) En todo caso, garántese a representación de non máis do 60 % e non menos do 40 % de calquera dos sexos nos órganos asociativos e na organización de actividades promovidas pola asociación.

### **Artigo 6º**

Son deberes dos afiliados:

- a) Respetar os acordos validamente adoptados.
- b) Procurar a consecución dos fins da asociación.
- c) Satisfacer a cota fixada pola Asemblea Xeral.

### **Artigo 7º**

A condición de asociado pérdese:

- a) Por pedimento propio.
- b) Por perda da condición de maxistrado ou xuíz en activo.
- c) Por acordo do Comité Permanente en caso de incumprimento reiterado e grave dos deberes de afiliado. Contra a resolución deste cabe recurso ante o Congreso.

d) Por causar alta noutra asociación profesional de xuíces.

### **Artigo 7º bis**

Poderán asociarse co carácter de emérito os/as maxistrados/as xubilados/as,e, como simpatizantes, os/as xuíces/as en prácticas.

Estes asociados eméritos e simpatizantes pagaran un 50% da cota, poderán concorrer con voz pero sen voto nas reunións, xornadas e congresos , non poderán ostentar cargos directivos e recibirán tanta documentación remítase ao resto de persoas asociadas, así como a revista “Información y Debate”.

## **TITULO III. Organización.**

### **Artigo 8º**

Son órganos da asociación, os seguintes:

- a) Asemblea Xeral ou Congreso.
- b) Comité Permanente.
- c) Secretariado.

### **Artigo 9º**

#### Asemblea Xeral ou Congreso

Está composta pola totalidade dos asociados. Non obstante, non poderá participar nela quen non estea ao corrente no pagamento das cotas.

Adoptará os seus acordos por maioría simple, pero requirirase a maioría de dous tercios dos asistentes para os acordos relativos á modificación dos estatutos e á disolución da asociación ou á súa fusión ou unión con outras asociacións.

- a) Convocatoria.

Faraa o Secretariado con carácter ordinario, polo menos unha vez

cada dous anos.

Poderá ordenala o Comité Permanente por acordo da maioría absoluta dos seus compoñentes. O Secretariado deberá convocala se o solicitasen tres seccións territoriais.

b) Orde do día.

Incluiranse as cuestións que decida o Secretariado e na bianual ordinaria preceptivamente a elaboración de orzamentos, a rendición de contas e as eleccións do Secretariado. Igualmente, incluíranse na orde do día aquelas cuestións que aprrobe o Comité Permanente ou que soliciten as seccións territoriais.

c) Mesa.

Constituída baixo a presidencia do Secretariado, procederase, en primeiro lugar, á elección dun presidente do Congreso, un vicepresidente e un secretario que se constituirán en Mesa con plenas facultades para dirimir cantas cuestións se formulen no transcurso do congreso.

## **Artigo 10º**

### **Comité Permanente**

O Comité Permanente estará composto polos coordinadores das distintas seccións territoriais ás que se refire o artigo 12º e polos membros do Secretariado. Nel integraranse, así mesmo, os presidentes das comisións delegadas, constituídas de acordo co artigo 14º, os cales terán voz e voto nos asuntos relativos á súa especial materia. Poderá asistir ás sesións do Comité, en substitución do coordinador ou coordinadores, o asociado que a respectiva sección territorial designe.

Ademais das facultades que lle confiren os presentes estatutos, compétenlle as mesmas ca ao Congreso con excepción daquelas que esixen maioría de votos reforzada.

Así mesmo correspóndelle ao Comité Permanente recibir, na reunión anual ordinaria, o informe de actividades e o informe orzamentario do Secretariado.

Finalmente, o Comité Permanente, no ano no que teñan lugar as eleccións, deberá designar a Mesa Electoral, preferentemente entre os membros da sección territorial onde se realice o congreso.

Reunirase, polo menos, unha vez ao ano, convocado polo Secretariado. Ademais, reunirase cando o soliciten un mínimo de **tres** seccións territoriais, que deberán propor unha orde do día concreta.

## **Artigo 11º**

### O Secretariado

- 1.- Componse de nove membros elixidos polos asociados.
- 2.- Para a elección dos membros do Secretariado seguirase o sistema de elección regulado nos artigos seguintes. Serán elixidos os nove candidatos con maior número de votos.
- 3.- Ningún membro do Secretariado saínte pode ser candidato para un novo Secretariado se leva no cargo dous mandatos consecutivos.
- 4.- Compételle ao Secretariado executar os acordos do Congreso e do

Comité Permanente e formularlles a ambos propostas para a súa deliberación. Correspóndelle, ademais, administrar o patrimonio da asociación e as funcións executivas e de documentación. Moi especialmente coidará de transmitir e recibir a información das seccións territoriais e de convocar, cando o considere necesario ou así o soliciten tres seccións, os coordinadores territoriais á reunión co Secretariado ou co Comité Permanente para trataren cuestións determinadas.

O Secretariado garantirá que en todas as actividades ou designacións nas que participe a asociación se posibilite a intervención de todos os asociados e que se respecte o principio de paridade que se contempla no art. 5 d.

5.- Unha vez ao ano comunicaralles aos coordinadores territoriais, a través do Comité Permanente, unha relación de actividades así como un informe presupostario, onde se consigne de forma separada a partida de ingresos e gastos e se detallen os seus conceptos.

6.- Remitalles ás seccións territoriais a designación dos membros da Mesa Electoral, non máis tarde de oitenta días antes da realización do congreso.

7.- Unha vez elixido, regulará autonomamente o seu funcionamento. O seu mandato é de dous anos.

8.- No caso de renuncia ou cesamento dalgún membro do Secretariado, o Comité Permanente designará un substituto. En tanto se reúna o Comité Permanente, será substituído polo designado pola sección territorial á que pertencese.

9.- O Secretariado detenta a representación da asociación ante os órganos, tribunais e oficinas do Estado e outorgará, no nome da asociación, os poderes necesarios, con inclusión de poderes para preitos.

10.- O Secretariado exerce a representación da asociación fronte a terceiros. Poderá recibir subvencións, subscribir pólizas de seguros, levar a cabo contratación de persoal, contratos de arrendamentos e, en xeral, calquera función de atención ordinaria.

11.- O Secretariado ten a facultade de poder delegar todas ou parte das facultades en favor dos seus membros para que dous dos deles, calquera, poidan exercelas

conxuntamente. Estes poderán outorgar poder a terceiros -procuradores, letrados- e ao secretario xeral técnico, para exercitaren accións xudiciais e para contrataren e realizaren as xestións precisas que fagan posible as actividades propias da asociación. Existirá un servizo técnico-administrativo para a execución dos acordos adoptados no seo do Secretariado, das seccións territoriais e do Comité Permanente.

#### **TÍTULO IV. Seccións territoriais.**

##### **Artigo 12º**

Para determinar a actuación en cada territorio dunha comunidade autónoma, os asociados destinados neste constituirán seccións territoriais e decidirán autonomamente a súa organización.

Dentro dos **dous meses** seguintes á realización do Congreso procederase á elección dos coordinadores en cada sección territorial.

Correspóndelles ás seccións territoriais desenvolver os fins da asociación no seu ámbito territorial así como estimular a participación asociativa e comunicalles aos asociados do seu territorio o informe que remita cada ano o Secretariado das súas actividades e o informe presupostario.

Cada sección designará un coordinador no seu territorio e poderá, así mesmo, designar dous membros máis para apoio e axuda nas funcións de coordinación e representación da asociación, no seu ámbito territorial .

#### **TÍTULO V. Medios económicos e réxime de cotas.**

##### **Artigo 13º**

O patrimonio da asociación integrarase:

- a) Polas cotas ordinarias e extraordinarias que fixe o Congreso.
- b) Polas subvencións ou doazóns que o Secretariado decida aceptar. As seccións territoriais poderán establecer cotas específicas aos afiliados do seu territorio. Igualmente poderán facelo as correntes de opinión organizadas.
- c) Contemplarase unha partida destinada a gastos asociativos das seccións territoriais, que se solicitará do Secretariado, coa xustificación e aprobación previas da actividade xeradora do gasto.

#### **TÍTULO VI. Comisións Delegadas.**

##### **Artigo 14º**

Comisións delegadas.

1. Poderán constituírse comisións para acadar obxectivos concretos que polo seu alcance xeral, merezan un tratamento específico, unha especial e permanente dedicación e unha organización e infraestrutura axeitada.

2.- Calquera membro da asociación poderá formar parte das comisións que se creen. Os responsables desas comisións denominaranse coordinadores. O coordinador será designado polos membros da comisión.

3. O coordinador de cada comisión terá facultades de representante da asociación en todo o relativo aos obxectivos que motiven a súa creación.

4. O coordinador da comisión deberá dar conta da súa xestión ao Comité Permanente en todas as sesións que este celebre, e ao Secretariado en cantas ocasións llo soliciten.

5. Cada comisión gozará de autonomía financeira para a obtención e xestión de recursos, sen prexuízo daqueles cos que poida ser dotada pola asociación.

6. A sede de cada comisión delegada será a da sección territorial á que pertenza o seu coordinador ou a sede da asociación.

7. As comisións delegadas poderán ser disoltas por acordo do Comité Permanente, de oficio ou a instancia do Secretariado, o cal poderá suspender provisionalmente o seu funcionamento ata a resolución do dito Comité.

8. Constituirá unha comisión delegada de carácter permanente a que teña ao seu cargo a edición da revista "JUECES PARA LA DEMOCRACIA" que constituirá o seu Consello Editorial con sede en Madrid. O seu coordinador manterá especiais relacións co Secretariado co fin de asegurar o carácter de órgano de expresión, opinión e debate da asociación.

## **TÍTULO VI. Do proceso electoral.**

### **Artigo 15º.- Condicións para ser candidato**

a.- Ser asociado.

b.- Estar ao corrente do pagamento das cotas.

c.- Non ter desempeñado o cargo durante dous mandatos consecutivos.

## **Artigo 16º.- Sistema de elección**

Os candidatos poderán concorrer ben formando unha lista integrada por tantos candidatos como postos hai que cubrir ou unha lista con menor número, ben de forma independente.

Os electores non estarán vencellados ás listas que se formen e deberán elixir un máximo de nove candidatos. Poderán escoller candidatos de varias listas.

Serán elixidos aqueles candidatos con maior número de votos ata cubrir as nove prazas. No caso de empate, será proclamada a candidata antes ca o candidato. En igualdade de condicións, elixirase o de maior antigüidade na asociación.

## **Artigo 17º.- Desenvolvemento do proceso**

Cada sección territorial poderá propor os candidatos que desexa que formen parte do Secretariado, sen necesidade de que se propoñan tantos candidatos como prazas hai que cubrir.

A elección realizarase en cada sección en reunión que terá lugar, como máximo, con sesenta días de antelación á data de realización do congreso, e o seu resultado notificarase ao presidente de la Mesa Eelectoral, por correo ordinario ou electrónico, con data límite de cincuenta días antes da realización do congreso.

Tamén poden ser candidatos aqueles asociados non elixidos pola súa sección que, sós ou en unión doutros asociados, desexen participar como candidatos no proceso electoral. Comunicaranllo á Mesa para a súa proclamación dentro do mesmo prazo. Ningún candidato pode formar parte de máis dunha lista, nin os asociados poderán avalar máis dunha candidatura.

A presentación de candidaturas poderá ir acompañada do programa desta, que se fará chegar aos asociados xunto co acordo de proclamación.

As candidaturas deberán estar en poder da Mesa Electoral como máis tarde cincuenta días antes da data de realización do congreso.

## **Artigo 18º.- A Mesa Electoral**

A Mesa Electoral será elixida polo Comité Permanente cando convoque o Congreso. Estará composta de presidente, secretario e vocal e elixirase cando menos con tres meses de antelación á realización do congreso.

## **Artigo 19º.- Funcións da Mesa Electoral**

a.- Comunicar a súa constitución ao Secretariado dentro dos noventa

días anteriores á data de realización do congreso.

b.- Recibir as candidaturas e comprobar que cumpren os requisitos que establecen os estatutos. Proclamar aquelas que os satisfagan.

c.- Remitir aos asociados o nome dos candidatos e o seu programa, non máis tarde de corenta días anteriores á realización do congreso.

d.- Dirixir o proceso electoral e resolver por maioría de votos dos seus integrantes as cuestións que se susciten.

e.- Recibir os votos que se emitan por correo certificado e que sexan remitidos directamente á Mesa.

f.- Realizar o recuento dos votos no congreso, co auxilio da Mesa deste, e proclamar os candidatos elixidos.

### **Artigo 20º.**

Nos congresos electorais o presidente da Mesa Electoral dará lectura dos candidatos proclamados. Acto seguido cada candidato fará a súa presentación indicando, se é o caso, a lista da que forma parte. Feita a presentación procédese á elección, incluíndo os votos recibidos por correo, e son elixidos os candidatos con maior número de votos ata alcanzar o número de nove.

A Mesa Electoral, unha vez feito o recuento de todos os votos, comezando polos emitidos no mesmo acto, proclama os elixidos, que formarán parte do novo Secretariado.

### **Artigo 21º.- Electores**

Sono todos os asociados que estean ao corrente no pagamento das súas cotas.

### **Artigo 22.- Do voto**

O voto é persoal e indelegable.

A votación poderá realizarse mediante a asistencia persoal ao Congreso ou por correo certificado, con copia do DNI ou do carné profesional, dirixindo o voto ao presidente da Mesa Electoral. Os votos non se incluírán no cómputo se non se remiten no prazo de seis días antes do día de realización do congreso.

### **Disposición adicional.**

A asociación asume como proposta de principio propiciar que os cargos e funcións nos diversos órganos de representación asociativa se renoven despois de cada mandato e sexan rotatorios, colexiados e non unipersoais.

### **Disposición transitoria**

O disposto nos arts. 11.3 e 15.c non terá efecto retroactivo e será de aplicación a partir da aprobación desta reforma estatutaria.

Benicassim (Castelló de la Plana), 13 de xuño de 2003